



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INFORMES DE VIABILIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO ABEIRO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur (GALP8) Enderezo: Avda. do Porto 21 Baixo (Casa do Mar) 15160 Sada, A Coruña. Teléfonos: 881896417 / 617867820 Correo electrónico: galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal CIF: G-70184494	
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Golfo Ártabro Sur
Persoa de contacto	Federico Enrique López Viñas Xerente do GALP8
Publicación da oferta	https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions
Referencia do Expediente	004/2023-F-GALP8GAS
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de “Elaboración de informes de viabilidade técnica e económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8” como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Tipo de contrato	Contrato de Servizo
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☐ Procedemento I, para adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur



Av. Do Porto S/N (Baixo) Casa do Mar 15160 Sada

Tfnos: 881 896 417 / 617 867 820

NIF: G-70.184.494

galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal

Admisión de prórroga en ejecución	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga do contrato	☒ Si ☐ Non
Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adjudicación	☐ Prezo ☒ Multicriterio
Idioma de presentación de ofertas	☒ Galego ☒ Castelán
Orzamento de licitación	9.917,36 € (IVE excluído)
Prazo de execución	14 meses* *(Anualidade 2023: 2 meses (inclúe os proxectos da convocatoria do exercicio 2023 e Anualidade 2024: proxectos convocatoria de 2024, inclúe 12 meses do ano) As prórrogas serán de 12 meses (por ano natural)
Financiamento	Esta contratación financiase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



II. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **“Elaboración de informes de viabilidade económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8”** como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O período de prestación do servizo será 14 meses a contar desde a formalización do contrato (dende novembro de 2023 ata 31 de decembro de 2024). As prórrogas serán de 12 meses (prórrogas de 1 de xaneiro a 31 de decembro)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, se o aviso previo por parte do GALP8 faise cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

3. LOTES

Non se establece a división do obxecto do contrato en lotes, de modo que a licitación versará sobre a totalidade do servizo, xustificándose a decisión de conformidade co establecido no artigo 99.2 b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no feito de que, ao tratarse dun único proxecto, as diversas prestacións obxecto do servizo deben executarse de forma coordinada, cuestión que podería verse imposibilitada pola división en lotes, que podería conlevar que a adxudicación dos contratos e polo tanto a execución das prestacións integradas no servizo, se efectuase por una pluralidade de contratistas diferentes.

4. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE

4.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo de **cinco días hábiles** desde o momento da súa notificación a documentación que acredite o seguinte:

- a) Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- b) Representación: acreditación da representación.





- c) Alta no imposto de actividades económicas
- d) DNI do representante e CIF da entidade
- e) Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal.
Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. A
Aqueles persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditaran o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil e no seu caso dos libros esixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.
No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida.
- f) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.
Requisito mínimo de solvencia: Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
- g) No caso de empresarios individuais, para acreditar a solvencia económica presentarán o último model 390 (Declaración resumo anual do IVE).
- h) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

4.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A acreditación da solvencia técnica ou profesional deberá a persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso do técnico encargado directamente do mesmo debe estar en posesión de algún dos seguintes títulos académicos ou equivalentes:

- Licenciado en Ciencias Económicas
- Licenciado en Ciencias Empresariais
- Licenciado en ADE.
- Titulacións equivalentes as anteriores que o capaciten para o desenvolvemento do traballo.

Para a acreditación do requisito de solvencia bastará a presentación dunha declaración xurada por parte do representante da entidade o persoa autorizada, onde se faga constar o cumprimento dos requisitos. Isto deberá presentarse no Sobre A o Sobre 1. Dita documentación acreditativa será presentada unha vez adxudicada a licitación por parte da entidade seleccionada e antes da sinatura do contrato.





5. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar incurso na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).

As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable (Anexo II), exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser prestada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.

- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)

6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado total do contrato	19.834,72 € (IVE excluído)	
Prazo de execución	14 meses	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	9.917,36 €
	IVE (21%)	2.082,64 €
	Importe total de licitación	12.000,00 €
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>	

O orzamento base de licitación considerase por 14 meses (dende novembro de 2023 ata 31 de decembro de 2024)

O valor estimado do contrato fai referencia a contía máxima da licitación, considerando as posibles prórrogas, que se corresponde á execución do servizo dende a sinatura do contrato ata a data límite, 31 de decembro de 2026.

As prórrogas serán anuais, por ano natural (de 1 de xaneiro a 31 de decembro)





REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN INCLUÍDAS AS PRÓRROGAS

	Ano 2023	Ano 2024	1ª prórroga 2025	2ª prórroga 2026	TOTAL
Orzamento (IVE excluído)	4.958,68 €	4.958,68 €	4.958,68 €	4.958,68 €	19.834,72 €
IVE	1.041,32 €	1.041,32 €	1.041,32 €	1.041,32 €	4.165,28 €
Orzamento(IVE incluído)	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	24.000,00 €

***IMPORTANTE:** Ante a imposibilidade de prever o número de proxectos que se presentarán por convocatoria, establécese que o prezo por informe de viabilidade económica e técnica emitido ascenderá a 275 € + IVE. En caso de superar este número de proxectos, minorarase o prezo dos informes dos mesmos, non podendo superar o orzamento total anual os 4.958,68 € + IVE. Deberán presentar informes de todos os proxectos que cumpran cos requisitos previos e sexan susceptibles de financiación, sempre dentro dos orzamentos contemplados no Convenio entre o GALP Golfo Ártabro Sur e a Consellería do Mar.

7. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realízouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos. Así como a capacidade orzamentaria do grupo e a previsión desta tipoloxía de proxectos, baseándonos na experiencias de anteriores programas.

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato de servizos se adxudicará seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

9. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na web do contratante do GALP Golfo Ártabro Sur. A data de publicación da oferta é o día **13 de outubro de 2023**.

A presentación farase por correo certificado, e acreditarase a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.





10. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada pola persoa empresaria do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen condición ou reserva algunha.

As ofertas presentadas deberán estar **asinadas con firma dixital** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.

A documentación presentarse en dous sobres pechados:

- **SOBRE A:** Declaración Responsable da persoa ou entidade solicitante compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas (Anexo II), e declaración xurada de cumprimento de requisitos (anexo III)
- **SOBRE C:** Oferta económica (Anexo IV) e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliados de xeito automático.

A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.

A denominación dos sobres a, deberá atender ao seguinte, segundo o caso:

- SOBRE A [004/2023-F-GALP8GAS]_Declaración-Responsable [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- SOBRE C [004/2023-F-GALP8GAS]_Oferta-Económica [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].

A oferta presentada, e toda a documentación preceptiva, deberá vir asinada pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.

O prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante estará obrigada a manter a súa oferta será de dous (2) meses contados dende a data de apertura de proposicións.

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato do servizo será para a oferta mais vantaxosa que atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIOS AVALIADOS DE XEITO AUTOMÁTICO

Criterio	Puntuación
Prezo (máximo 80 puntos)	80 %
Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos relacionados coa pesca: IFOP, FEP, FEMP, FEMPA: 1 punto por cada ano (máximo de 20 puntos)	20%





➤ **Oferta económica: 80 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria (oferta económica anormalmente baixa). As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = XX \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

➤ **Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos relacionados coa pesca (IFOP, FEP, FEMP, FEMPA): 1 punto por cada ano (máximo de 20 puntos)**

CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- 2) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 3) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 4) Ou sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

CRITERIOS DE OFERTA ECONÓMICA ANORMALMENTE BAIXA

Unha oferta económica considerárase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en mais de 20 unidades porcentuais.

12. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE A, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.





A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions> á apertura, en acto público, do SOBRE C. Se a data de apertura do SOBRE C, coincide coa apertura do SOBRE A, e non se adoptara o acordo de admisión definitiva, a Comisión acordará unha nova data de apertura do SOBRE C, que se publicará no taboleiro e no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions>.

Descrición: Apertura pública.

Lugar: Avda. do Porto 21, Baixo, Sada – A Coruña .

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación (oferta mais vantaxosa).

Unha vez emitida a proposta de contratación, será requirido á persoa ou entidade que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica, así como o cumprimento cos requisitos obrigatorios.

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da web do GALP8; <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions>

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato

13. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se establece

14. CONDICIÓNS E FORMA DE PAGO

O pagamento realizarase da seguinte forma:

- Ano 2023, no mes decembro facturación polo número de informes realizados e entregados correctamente cun importe máximo especificado no cadro financeiro.
- Ano 2024, pagárase ao final do trimestre polo número os expedientes realizados e entregados correctamente cun importe máximo especificado no cadro financeiro.

O pagamento das prórrogas realizarase polo mesmo procedemento que o ano 2024.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur



Av. Do Porto S/N (Baixo) Casa do Mar 15160 Sada
Tfnos: 881 896 417 / 617 867 820
NIF: G-70.184.494
galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal

15. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 2 do prego de prescricións técnicas será causa de resolución do contrato.

IV. ANEXOS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur



Av. Do Porto S/N (Baixo) Casa do Mar 15160 Sada
Tfnos: 881 896 417 / 617 867 820
NIF: G-70.184.494
galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal

Anexo I – Datos do licitador

ANEXO I – DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A INCLUIR NO SOBRE A)

Expediente: 004/2023-F-GALP8GAS

Asunto: SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INFORMES DE VIABILIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO ABEIRO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR. PROGRAMA FEMPA 2021-2027

Nome da persoa ou entidade licitante	
Nome da persoa representante legal	
Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación	
Dirección postal	
Teléfono de contacto	
Dirección de correo electrónico a efectos de notificacións	



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO II.

A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

D _____ con DNI número _____ en representación de _____ con CIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa¹

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura do licitador

¹Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur



Av. Do Porto S/N (Baixo) Casa do Mar 15160 Sada

Tfnos: 881 896 417 / 617 867 820

NIF: G-70.184.494

galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal

ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

D. _____ con DNI número _____ como representante da entidade _____ con NIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nas pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de **“Elaboración de informes de viabilidade técnica e económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8”** para o GALP Golfo Ártabro Sur.

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no Sobre 1 da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura do licitador



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D./a con DNI nº actuando en nome e representación da empresa con CIF nº e domicilio en CP localidade de Provincia de , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo **“Elaboración de informes de viabilidade técnica e económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8”**, presento a seguinte oferta:

A) OFERTA ECONOMICA:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	
IVE (21%)	
TOTAL (Orzamento base de licitación con IVE)	

B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo seguinte prezo:

Lugar e data

Sinatura do/a licitador/a





PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur (GALP8), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión da prioridade 3 do Programa FEMPA 2021-2027, e está suxeita ao convenio suscrito o día 2 de xaneiro de 2023. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Trátase dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por ese motivo emprégase o procedemento para o gastos derivados de necesidades continuas. Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur, carece de persoal suficiente en número para dar cobertura ás necesidades de servizo **Elaboración de informes de viabilidade económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8**, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, razón pola que debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR

O obxecto do contrato é a prestación do servizo **“Elaboración de informes de viabilidade técnica e económica dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP8”**, como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR

O servizo estará centrado na confección e preparación de toda a documentación precisa para determinar a viabilidade técnica e económica de cada un dos proxectos que se presenten na convocatoria de axudas, segundo estableza na orde de axudas que rexera o procedemento.

De seguido indícase as actividades a desenvolver:

- Informe de viabilidade técnica e económica.
- Informe de subvencionalidade.
- Comprobación de idoneidade técnica e subvencionabilidade

A entidade contratada remitirá toda a documentación ao GALP, sen prexuízo das aclaración posteriores solicitadas pola Consellería do Mar. Os informes deberán remitirse con suficiente antelación aos prazos marcados pola Consellería do Mar para poder realizar a súa revisión e ratificación e non máis tarde dos 5 días á realización da Xunta Directiva de valoración de proxectos salvo nos casos excepcionais nos que non se dispoña da documentación requirida nesa data.

Observacións: Non obstante ó anterior, en función das instrucións da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, poderá minorarse o seu obxecto, prezo e condicións da prestación, así como a determinación do prazo de entrega, unilateralmente polo GALP mediante a sinatura da oportuna adaptacións das condicións.





A entrega de toda a documentación farase en copia dixital; en formato editable (Word, ou que corresponda, sempre que sexa posible) e en formato PDF.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Golfo Ártabro Sur para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Golfo Ártabro Sur. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo dende a data formalización de contrato ata 31 decembro de 2024 (previsiblemente Novembro de 2023)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual (ano natural) e obrigatoria para o contratista, é dicir, dende 1 de xaneiro ata 31 de decembro, se o aviso previo por parte do GALP8 faise cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

Sada, 13 de Outubro de 2023

Alberto L. Castro García

Presidente

